

1 Le dúas veces o texto e responde.

A **Inés** gústalle debuxar e ler, pero o que se lle dá mellor son os **deportes**. É unha grande atleta. Forma parte do **equipo** de atletismo do colexio. **Antón**, o **adestrador**, di que é moi veloz, pero que debe mellorar a resistencia. Así que todos os **mércores** e venres pola tarde, seguindo as **recomendacións** do adestrador, vai á piscina **municipal** a nadar durante dúas horas. Para chegar ten que coller o **autobús** número nove e baixar na rúa **Colibrí**.



- Le as palabras destacadas. Soan igual de forte todas as sílabas que as forman?
- Copia as palabras e rodea a sílaba que soa máis forte.
- Escribe as palabras que teñen a sílaba forte en último lugar.
- En que letras rematan as palabras que levan acento gráfico na última sílaba?



A **sílaba tónica** é aquela na que o golpe de voz se fai con máis forza. O resto das sílabas chámanse **sílabas átonas**.

As palabras que teñen a sílaba tónica en último lugar chámanse **agudas**. As palabras agudas levan acento gráfico cando rematan en **vogal, -n, -s ou -ns**.

1. Localiza as palabras estean mal acentuadas. Corríxeas e explica por que.

Palabra	Ben ou mal?	Correccións	Por que?
Motór			
Esquimó			
Xabon			
Animál			
Cempes			
Rubí			
Carbon			
Roedór			
Turron			
Fedór			
Irma			

2. Marca as palabras que son agudas.

Cando chega o verán, a Martín gústalle xogar ao xadrez co seu avó Senén no parque da urbanización. Todas as tardes collen o autobús vinte e tres para baixar no Parque Central, e alí, a carón dun gran ciprés pasan as horas xogando. Sempre hai alguén que se lles achega para velos xogar. Din que son uns grandes campións.



3. Escribe se son palabras agudas (A), graves (G) ou esdrúxulas €. Despois corrixe as palabras agudas que non estean ben acentuadas.

Palabra	A, G, E	Corrección	Palabra	A, G, E	Corrección
Bisturi			Bufanda		
Compas			Autobus		
Capitan			Treboada		
Espada			Xornal		
Escritor			Cafe		
Fervor			Pastor		
Zapato			Campa		
Reloxo			Folgazan		